

BLOQUE

Boletín informativo



Ogrobe, maio 2006

O BNG propón un acordo coa Xunta para anular a paralización da construción



- Entrevista co Portavoz Municipal do BNG
- O BNG, planificando o futuro do municipio



- O Director Xeral de turismo visita Ogrobe.
- Medio Rural destina os cartos en Couprins, Outeiro e Arroxo.
- A depuradora aínda non ten ubicación.
- O BNG presenta a súa proposta de estatuto de nación.

O Portavoz do BNG, Carlos Álvarez Besada, anuncia un PXOM participativo e consensado se o BNG acada a alcaldía no 2007. Propón como medida transitoria un acordo coa Xunta para suspender parcialmente o Decreto Cuíña que ten paralizadas as NNSS desde hai catro anos.

A proposta do BNG de complexo deportivo revalorizaría os terreos de Ardia

A zona de Paredes proposta polo BNG para equipamentos deportivos, revalorizaríase por tratarse na actualidade dun solo rústico e forestal sen apenas valor.

O BNG afirma que de facer esta iniciativa, sería unha oportunidade para revalorizar uns terreos que hoxe apenas teñen valor.

A proposta sería pasar dunha zona rústica e forestal a equipamentos deportivos. Ademais, esta proposta de complexo deportivo, non só planificaría a ubicación das futuras instalacións,

senón que crearía novos espazos de esparcemento para veciños de Ardia e Ogrobe en xeral.



O BNG, planificando o futuro de Ogrobe

O BNG está a facer actos con diferentes sectores sociais, económicos, turísticos, culturais ...

A delegada provincial de Innovación e Industria, Montse Prado, informou sobre a nova lei de comercio.

No mes de marzo contamos coa presenza da delegada provincial, nun encontro con comerciantes para debater sobre a nova lei galega para os horarios do comercio.



Marta Souto, delegada provincial de Cultura, interesase polo Adro Vello.

A delegada provincial visitará Ogrobe para coñecer de primeira man o noso patrimonio, en especial o xacemento arqueolóxico Adro Vello.

O Director Xeral de Turismo visitou Ogrobe

Por primeira vez, un Director Xeral de Turismo visita a nosa vila. O BNG convidou a Ruben Lois a un encontro co sector turístico onde hotéis, restaurantes, campings, barcos de pasaxes, etc, foron os presentes neste acto no que se explicou a nova política da Xunta en materia de promoción turística.

O Director Xeral, aproveitou o acto para reafirmarse nun principio de sustentabilidade, totalmente oposto aos complexos golf-urbanización (como o proposto en Feáns). Como ten afirmado o BNG local, estas actuacións son contraproducentes para o turismo de Ogrobe. A nosa vila ten que potenciar o medioambiente, e non queimalo con urbanizacións.



Ogrobe aínda non sabe onde irá ubicada a depuradora

Despois de 7 anos no goberno, o PP dase conta de que Ogrobe non ten depuradora. A pesar das denuncias do BNG, tivo que aparecer o conflito de Marsac, para percatarse de que o municipio non contaba con esta instalación.

Agora, tarde mal e arresto pretende solucionar este problema de xeito unilateral e en dous días.

O BNG pide diálogo neste asunto xa que se trata dunha instalación moi grande que pode provocar molestias a veciños, polo que tamén se piden estudos de impacto socioeconómico das posibles alternativas. Polo de agora, o único claro é que a Xunta fará a obra, o que xa non está tan claro é onde.

Esperemos non chegar tarde outra vez, por negligencia.

A Consellería de Medio Rural destina os cartos en Coupríns, Outeiro e Arroxelo

O anterior goberno da Xunta tiña previsto invertir en varias actuacións que non atendían a prioridades ou non estaban no rural. A suspensión destas obras pola nova Consellería do Rural, permitiu analizar as prioridades do rural meco.

A Consellería non só destinará máis cartos que antes, senón que o fará en base as prioridades dos veciños.

Cando antes pretendíase arranxar unha rúa en pleno

casco urbán, ou dotar de saneamento a varios chalés de segunda residencia (competencias doutra consellería), a Consellería xestionada polo BNG completará os servizos básicos nas zonas rurais de Coupríns, Outeiro e Arroxelo, núcleos de poboación importantes na parroquia de San Vicente aos que se deixaba marxinado a pesar das continuas demandas dos veciños.

O delegado de medio Rural destacou as medidas de prevención pola gripe aviaria,

e anuncia que son medidas de prevención. A descoordinación, a desinformación e pasotismo coas vacas tolas provocou un dano importantísimo na gandería galega. Hoxe non podemos cometer os mesmos erros.

As medidas que se toman non son coercitivas, son voluntarias; máis do que se trata é de ir concienciando á xente e estar prevenidos.

"Gobernaremos con sentidoño e boa letra"



-O BNG demostrou nestes anos ser unha clara alternativa de goberno.

-Nos últimos tres anos o grupo municipal do BNG presentou o dobre de mocións que o resto dos grupos xuntos. A isto hai que sumarlle máis de 130 rogos en pleno.

-Nas últimas eleccións municipais o BNG estivo a piques de ter a alcaldía, só 19 votos o separaron dela, pensa vostede que iso foi o inicio do cambio en Ogrobe?

C. Non cabe dúbida, hai tres anos a maioría dos veciños quixeron este cambio, as forzas progresistas xuntamos 3.306 votos fronte a 2.663 do PP. O BNG tomou boa nota destes resultados e asumimos o reto que nos encomendou a cidadanía.



-Cre vostede que os veciños perciben ese cambio?

C. Creo que a día de hoxe é máis palpable; nos últimos tres anos o goberno do PP non foi quen de executar unha soa obra prioritaria para o Concello (depuradora, equipamentos deportivos, centro de saúde...), paralización das NNSS, un PXOM estancado, máis de 600 expedientes de infraccións urbanísticas sen resolver, serios problemas de limpeza... Por contra, o BNG foi a forza política que máis mocións presentou no Pleno, o dobre que o resto dos grupos xuntos, aparte dos máis de 130 rogos. Presetamos anteproxectos como a piscina e o complexo deportivo, dimos alternativas aos problemas de tráfico e aparcadoiros, unha chea

de propostas para o PXOM, iniciativas tan revolucionarias como a rede wifi de internet,... en definitiva un traballo en positivo para o Concello, que esperamos poñer en marcha dentro dun ano se acadamos o goberno local.

-Falaches do PXOM, pensas que sairá adiante co actual goberno?

C. O PP non puido facer peor as cousas, contou co apoio de toda a corporación para consensuar este documento tan importante para Ogrobe, e desperdiciouna. No último ano parece que só lles preocupou mirar por determinados convenios urbanísticos e non polos intereses xerais dos veciños. E os veciños son os que teñen que crer no Plan, do contrario é un traballo en valde. O PP mostra un desinterés total polo PXOM, e así tampouco se fan as cousas.

-Foi ese outro motivo polo que marcharon da comisión de urbanismo?

C. Por suposto, mostramos o noso total interese neste documento, presentando iniciativas ata nos peores momentos do Plan para intentar consensuar con veciños determinadas actuacións como SU ou PERIs, pero cando o propio goberno non cre na participación veciñal, e ridiculiza as nosas propostas, pouco podemos esperar. O vindeiro ano, se gobernamos, o faremos con sentidoño e boa letra, coa participación indispensable de veciños, colectivos, empresarios, promotores...

-E mentras tanto, que pasa coa construción?

C. O Concello ten que conseguir unha suspensión parcial do Decreto Cuiña na Xunta para poder traballar coas NNSS, e así saír desta situación de parálise. Despois temos que marcarnos un calendario e planificar por partes a redacción dun Plan obxectivo, que se axuste ás realidades do municipio.

-Como se presenta este último ano de goberno do PP?

C. Moi duro, sobre todo cando o PP está a implantar unha campaña baseada nas mentiras, terxiversando as nosas propostas confundindo aos veciños. O fixeron coas obras do Rural, o fixeron coa Depuradora, ou co campo de golf e a urbanización en Feáns. Unha campaña de calumnias, aínda que pola nosa banda seguiremos traballando e presentando máis iniciativas para Ogrobe sen entrar neste tipo de debates que o único que fan é desprestixiar a clase política.



-O BNG contaría co respaldo da Xunta ?

C. Ogrobe xa conta co respaldo da Xunta, o único problema é que o actual goberno local non fai os deberes. O BNG está disposto a traballar por este concello que ten moitas posibilidades, pero sempre contado coa participación da cidadanía, a Xunta xa mostrou que está aí.

O BNG presentou en Ogrobe a súa proposta de Estatuto

O BNG presentou en Ogrobe a súa proposta de estatuto de Galiza nun acto celebrado o pasado 7 de abril no hotel Villa Juanita. Ao acto asistiron como ponetes a deputada do BNG no parlamento galego Ana Pontón e o portavoz local do BNG Carlos Álvarez.



Os orzamentos municipais endebedarán ao concello en 600 millóns

A proposta do goberno do PP pretende endebedar aos veciños de Ogrobe en 3.6 millóns de euros. Cifra á que lle temos que sumar os actuais créditos que xa están a pagar os veciños.

O BNG denuncia que o PP está utilizando a administración local para facer campaña electoral de cara ás municipais, despois de 7 anos parados.

O BNG informou ao comercio local das axudas destiñadas desde a consellería de innovación e industria.

- O PP impediu a participación dos grupos políticos para consensuar medidas que potencien o comercio local, en base ás axudas destiñadas ás corporacións locais.

O BNG presentou unha moción en pleno para constituír unha comisión de traballo con todos os grupos da corporación municipal e comercio, para consensuar propostas no ámbito do comercio.

O PP impuxo o rodillo rechazándoa, a pesar de que as axudas eran para as corporacións locais, quedando fóra grupos políticos e unha boa parte do comercio local que non está representada en Emgrobes.

Por outra o BNG tamén informou ao comercio de axudas destiñadas directamente aos comerciantes para a adecuación, renovación e mellora dos establecementos.

Non é a primeira vez que o BNG informa a veciños e colectivos de axudas da Xunta, ante a deixadez do goberno local ao que parece non importarlle moito que os seus veciños non estén suficientemente informados destas e outras cuestións que poden mellorar a súa calidade ou servizos.

A Consellería de innovación e Industria destiñará máis de 7.8 millóns de euros para potenciar o Comercio nos concellos, a maiores doutras liñas de axudas para o rural e a artesanía.

Destacados

- A Consellería de Innovación e Industria destina 5,5 millóns de euros para o fomento das enerxías renovables.
- Innovación e Industria adicará 9 millóns de euros ao mes a i+d+i.
- Medio Rural creará un banco de terras para pór en valor as zonas abandonadas.
- O BNG edita unha folla informativa mostrando o seu rechazo ao campo de golf e urbanización en Feáns.
- O PP rechaza homenaxear ás vítimas na guerra civil, no 75º da II República.
- O Concello paga, con cartos públicos, un máster en protocolo á concelleira de seguridade cidadana.

BLOQUE, boletín informativo

Edita: Departamento de publicacións do BNG, Ogrobe

Rúa hospital 2, 1º.

www.bng-galiza.org/osalnes

